

COMO COMENTAR UNHA CANTIGA MEDIEVAL

1º- Facer a clasificación segundo sexan c. de amigo de amor ou satíricas.

2º- CANTIGAS DE AMIGO

- a)- Clasificalas segundo o subgrupo ao que pertencen: mariñas ou barcarolas, bailadas, etc.
- b)- Indicar se a cantiga é monologada (voz lírica feminina), dialogada(a rapariga dialoga coa mae, a irmá...) ou narrativa (neste caso estará en 3ª persoa)
- c)- Falar dos elementos temáticos da cantiga e do estado anímico da súa protagonista.
- d)- Aspectos formais: Indicar os recursos paralelísticos que caracterizan a cantiga: refrán, paralelismos, leixa-prém.

3º- CANTIGAS DE AMOR

- a)- Indicar a voz lírica masculina (sempre son monologadas) e a palabra clave “senhor”
- b)- Indicar se se trata dunha cantiga de refrán (formada por estrofas con refrán) ou de meestria (estrofas sen refrán)
- c)- Indicar os elementos do “Código do amor cortés” que poden aparecer na cantiga:
 - submisión e relación de vasalaxe do namorado á dama.
 - discreción: ocúltase o nome da dama que se substitúe pola palabra “senhor”
 - admiración e culto á dama que é vista polo namorado como un cúmulo de perfeccións, tanto na orde física como moral.
- d)- Coita de amor: O poeta expresa o sufrimento que lle causa o amor non correspondido e as consecuencias desa coita: perda de sono, perda de apetito, perda da razón (perder o sen) e nalgúns casos, incluso, desexo de perder a vida ou tópico de morrer de amor.

4º- CANTIGAS SATÍRICAS

- a)- Indicar se a cantiga é de ESCARNIO (satira encuberta na que se utilizan os dobres sentidos e na que se oculta o nome da persoa burlada) ou de MALDIZER (a burla é directa e desvélese o nome da persoa burlada)
- b)- Indicar o tema da cantiga segundo sexa :
 - Sátira política e militar : covardía e traición especialmente.
 - Sátira moral (Sirventés): reflexión sobre os vicios da sociedade.
 - Sátira social: á nobreza baixa e aos infanzóns.
 - Sátira de costumes: crenzas en agoiros, supersticións, modas...
 - Sátira sexual: contra soldadeiras, relixiosos e relixiosas, homosexuais...
 - Sátira literaria contra:
 - A falta de habilidade poética dalgúns xograis (Ás veces son tençons ou poemas dialogados nos que ambos poetas arremeten contra o outro)
 - Algúns dos tópicos literarios do código do amor cortés.